Facultade de Historia

Presentación

A Facultade de Historia, sita no Campus Universitario de Ourense, oferta dúas titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES): Grao e Posgrao. Además manténse vixente a titulación de Licenciatura en Historia, tamén en liña cos criterios de referencia do EEES.

Neste ano académico 2012-2013 impártense os catro cursos do **Grao en Xeografía e Historia**; asemade, o quinto curso da **Licenciatura en Historia**.

No Posgrao se desenvolve o curso de Mestrado en **Historia, Territorio e Recursos Patrimoniais** que posibilita, no mesmo Centro, a realización da Tese de Doutoramento.

Neste documento:

- Localización
- Normativa e Lexislación
- Servizos e Infraestructuras do Centro
- Outra Información do Centro
- Calendario Académico
- Inforación de Interese

Información básica

A **planificación do ensino** proporciona ao alumno unha serie de **competencias** que integran o nivel de coñecementos (saber), o de capacitación en habilidades e destrezas (saber facer) e o de formación en actitudes e valores (saber ser e estar).

Na liña doutras titulacións recoñecidas nas universidades europeas, ao englobar contidos das disciplinas de Xeografía, Historia e Historia da Arte, a oferta da nosa Facultade pode dotar ao alumno dunha serie ampla de competencias específicas.

Igualmente destaca o **carácter humanístico** das nosas disciplinas cunha longa e consolidada tradición académica e universitaria, e a súa capacidade para dar conta dalgunhas das realidades culturais do noso tempo. Oferta, en conxunto, unha formación básica en contidos interdisciplinares relativos ao coñecemento da estrutura diacrónica do pasado, das coordenadas espazo-temporais, interrelaciónelas xeográficas e culturais.

Unha formación en contidos instrumentais e unha formación con ámbitos temáticos e territoriais específicos, e unha formación en coñecementos prácticos-académicos, a través das prácticas. O coñecemento do noso pasado cultural permite achegar as ferramentas analíticas e conceptuais necesarias para acceder dun modo reflexivo e crítico ás producións culturais do pasado, ademais de proporcionar os valores humanos, e

principios éticos necesarios sobre os que asenta a sociedade actual.

Co obxectivo de dar resposta á demanda social de diferentes profesionais, e aos futuros graduados posibilítase unha continuación académica coherente coa posta en marcha do ***Master oficial en Historia, Territorio e Recursos patrimoniais*** cun perfil investigador, seguindo os criterios e formulacións establecidas no Real Decreto 1993/2007 polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais. A proposta substitúe ao Programa de Doutoramento ***Sociedade, Cultura e Poder na Historia*** (bienio 2008-2010) que na avaliación da Axencia Nacional Evaluadora da Calidade Académica (ANECA) recibiu a Mención de Calidade.

O carácter multidisciplinar e polivalente dos estudos (Historia, Arte e Xeografía) capacita para un **amplo abano de saídas profesionais** ás súas egresados tan competitivos como os especializados nunha soa das disciplinas humanísticas, tendo en conta da cada vez maior flexibilidade do actual mercado laboral entre titulacións e postos de traballo. Os servizos educativos, os servizos da administración, os medios de comunicación, os centros de educación superior e secundaria, e un longo espectro de institucións e empresas, proporcionan un marco para o desempeño de actividades relacionadas co perfil formativo do grao, preparando para unha gran variedade de actividades.

Ademais, a riqueza histórica, artística, arqueolóxica e natural proporciona unha estreita relación entre os estudos universitarios e o mercado laboral, abrindo unha nova vía de profesionalización ante a crecente consideración do legado cultural herdado como recurso dotado de valor económico ou produtivo. A demanda e saídas profesionais no terreo da conservación, protección, xestión e difusión do patrimonio e o resto de actividades relacionadas co turismo cultural abren un amplo horizonte á saída profesional dos nosos futuros graduados. As oportunidades ofrecidas pola constante expansión das actividades económicas relacionadas co patrimonio, a necesidade normativa de realización de escavacións arqueolóxicas, a aplicación de normativas de ordenación do territorio e o turismo de calidade xeran unha constante demanda de utilidade das nosas disciplinas.

Os datos da taxa de eficiencia do noso centro son favorables, achegándose ao 100%. O que sen dúbida indican as taxas é a mellora continua, mostrando o gran interese do alumnado na consecución do título. Os procedementos existentes no Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC) do centro valorarán o progreso e os resultados obtidos.

Guía de Acollida de Novos Alumnos 2012-2013

Guia Acollida

Organización e Funcionamento do Centro

Organos de Goberno

- Decanato
- Xunta de Facultade
- Comisión Permanente da Facultade
- Comisión deGarantía de Calidade
- Departamentode Historia, Arte e Xeografía

Equipo de Goberno

 Decana:
Profa . Dra. Dna . Beatriz Comendador Rey
Tfno.: 988 38 71 69
beacomendador@uvigo.es

 Vicedecana:
Profa . Dra. Dna . Susana Reboreda Morillo
Tfno : 988 38 72 69
morillo@uvigo.es

 Secretaria:
Dna . María del Carmen Fernández Contreras
Tfno.: 988 38 72 50
sfho@uvigo.es

Normativa e Lexislación

Normativas da Universidade de Vigo

Estatutos da Universidade de Vigo

(Dereitos e deberes dos estudantes)

Regulamento de Estudantes

(Dereitos e deberes dos estudantes)

Normativa de Permanencia na Universidade de Vigo

(nº de materias das que te podes matricular, nº de convocatorias de exame, avaliación curricular)

Normativas da Facultade de Historia

Regulamento de Réxime Interno

Traballo Fin de Grao

Prácticas Externas

Servizos e Infraestructuras do Centro

CAMPUS "VELLO"

A actividade se articula en 3 edificios:

- Edificio Facultades (máis coñecido como Edificio de Ferro)
- Pavillón Olga Gallego (2)
- Pavillón Concepción Ramón Amat (1)

O EDIFICIO FACULTADES

Acceso

- Conserxería
- Aulas

1º andar

- Secretaría da Facultade
- Aula de Informática
- Delegación de Alumnos

2º andar

- Laboratorios docentes: Arqueoloxía, Historia da Arte, Xeografía, Historia Medieval
- Aulas

4º andar

- Vicerreitorado do Campus de Ourense
- Decanato
- Salón de Graos

DISTRIBUCIÓN DE AULAS DE HISTORIA - EDIFICIO DE FERRO- CURSO 2012-2013

CURSO AULA HORARIO

1º Grao 2.1 mañá e tarde

2º Grao 2.2 mañá e tarde

3º Grao 0.7 mañá e tarde

4º Grao 0.7 mañá e tarde

5º Licenciatura 0.5 mañá e tarde

Optativas 2º Ciclo 0.5 mañá e tarde

PAVILLÓN OLGA GALLEGO (2)

- Despachos dos/as profesores/as
- Laboratorio de Prehistoria, Historia Antigua, Historia Moderna, Historia Contemporánea e Historia de América

PAVILLÓN CONCEPCION RAMÓN AMAT (1)

- Secretaría do Departamento de Historia, Arte e Xeografía: 1º andar
- Aula de Terceiro Ciclo
- Sala de exposicións ALTERARTE

AULAS ASIGNATURAS LIBRE ELECCION - CURSO 2012-2013

Hª Cine Español 0.9 mañá

DISTRIBUCIÓN DE LABORATORIOS DE HISTORIA - CURSO 2012-2013

DENOMINACIÓN LOCALIZACIÓN EDIFICIO

Laboratorio de Informática PRIMEIRO ANDAR FERRO

Laboratorio de Xeografía SEGUNDO ANDAR FERRO

Laboratorio de Arqueoloxía SEGUNDO ANDAR FERRO

Laboratorio de Historia Medieval SEGUNDO ANDAR FERRO

Laboratorio de Prehistoria e Historia Antiga SOTO PAVILLÓN 2

Laboratorio de Hist. Moderna e Contemporánea SOTO PAVILLÓN 2

Calendario Académico

Calendario Académico.

Outra información do centro

Plan de Autoprotección Universidade de Vigo.

Actuación en caso de Emerxencia Edificio de Ferro

Plan 1

Plan 2

DELEGACION DE ALUMNOS

É o órgano de representación estudiantil institucional que se ten artellado na Facultade de Historia.

Son membros natos da Delegación os representantes de alumnos/as na Xunta de Centro e os delegados de clase. Todos os alumnos/as poden acudir á se da Delegación para obter información e facer uso dos seus recursos.

Entreos fins da Delegación de alumnos está:

Actuar como órgano de diálogo coas autoridades académicas no establecemento dunha información adecuada sobre a vida universitaria.

Xestionar-los seus recursos.

Promover e coordinar actividades de extensión universitaria.

Elixi-los seus representantes perante calquera autoridade, institución ou organización, naqueles casos para os que non exista regulamento de elección.

Edificio de Facultades. 1º andar E-mail: dafho@uvigo.es

Tfno.: 988387305

Información de Interese

ESTUDAR EN OURENSE

EstudarnaUniversidade de Vigo

Guía turística de Ourense

Residencia de Estudantes As Burgas

Aloxamento en Ourense

Hoteis e Hostais

Pisos compartidos. Contactar coa ORI.

Información para o alumnado da Universidade de Vigo:

Alumnado da Universidade de Vigo

CONTACTOS INTERESE UNIVERSIDADE DE VIGO

Páxina web:

http://www.uvigo.es/

Central: 986 81 20 00

Información Xeral: 986 81 36 00

Información ao alumnado: 986 81 36 30

Rexistro xeral da universidade: 986 81 39 02

Rexistro do Campus de Vigo: 986 81 36 10

Rexistro do Campus de Orense: 988 38 71 03

Xerencia: 986 81 35 60. xerencia@uvigo.es

Consello Social: 986 81 26 63 secoso@uvigo.es

Tribunal de Garantías: 986 81 38 30.tgarant@uvigo.es

Gabinete de prensa: 986 81 36 04. gprensa@uvigo.es

SIOPE.: 986 81 36 30 /37 55. siope@uvigo.es

Oficina Osix de Vigo: 986 81 40 60. ofix@uvigo.es

Oficina Osix de Orense: 988 38 71 71. ofixuo@uvigo.es

AREA DE SERVIZOS Á COMUNIDADE

Servizo de información, orientación e promoción (SIOPE):

986 80 19 49 / 55. siope-po@uvigo.es

Actividades culturais: 986 81 36 03/ 26. vicext@uvigo.es

Actividades deportivas: 986 81 21 82 / 986 81 22 04; deportes@uvigo.es

Servizo de alumnado: 986 81 36 0 /09 xsadal@uvigo.es

LERD de Vigo: 986 81 37 71 / 72

LERD de Orense: 988 38 71 02

Bolsas: 986 81 19 99 / 813 612. bolsas@uvigo.es

Títulos e plans de estudo: 986 81 36 35 / 3632

Asesoría Xurídica: 986 81 35 76

Oficina de I D: 986 81 22 36. otri@uvigo.es

Oficina ORI: 986 81 21 78 / 986 81 35 50 ; ori@uvigo.es

CACTI: 986 81 21 18

Oficina do Medio Ambiente (OMA): 986 81 38 83; oma3@uvigo.es

Oficina Ofoe: 902 366 994 Correo electronico: ofoe@uvigo.es

Oficina Ofie: 986 81 40 86 Correo electrónico: ofie@uvigo.es

BIBLIOTECA DO CAMPUS DE OURENSE

Presente fisicamente nos tres campus, a Biblioteca Universitariaconta en cada un deles cunha biblioteca central e varias salas repartidas polas escolas e facultades que compoñen a Universidade.

A Bilioteca Central do Campus de Ourense, fundada no ano 2000, conta cun fondo de uns 100.000 libros e unhas 750 publicacións periódicas divididas en diferentes temas como son a xeografía, historia, arte, dereito e química.

Servizos que ofrece:

Préstamo interbibliotecario a nivel nacional e internacional.

Préstamo para alumnos, PDI e PAS.

Información bibliográfica, búsquedas e referencias bilbiográficas.

Catálogo automatizado e colectivo de publicacións periódicas (a nivel nacional).

Contacto:

Conserxería (988 387 320) - conbco@uvigo.es; Préstamo (988 387 192) - presour@uvigo.es

Dirección (988 387 191) - dirbco@uvigo.es; Administración (988 387 158) - admibco@uvigo.es

Subdirección hemeroteca (988 387 230) - subdhbco@uvigo.es; Subdirección adquisicións (988 387 285) - subdrbco@uvigo.es

Hemeroteca (988 387 322) - hembco@uvigo.es

Campus As Lagoas - 32004 - Ourense

Horario de atención ao público: De luns a venres de 8:30h a 21:00h

Acceso ao Catálogo da Biblioteca

CONTA DE CORREO ELECTRÓNICO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Basta con estar matriculado na Universidade e dispor do cartón universitario.

No momento de formalizar a matrícula créase unha conta de correo cun nome de usuario e coa extensión alumnos.uvigo.es

Con ese nome de usuario e esa clave tamén poderás acceder á rede WIFI. Todas as instalacións da Universidade de Vigo teñen acceso a internet por rede WIFI

http://www.uvigo.es

CARNET UNIVERSITARIO

O Carné Universitario é unha tarxeta intelixente realizada en colaboración co Santander, que acredita o estudantado, profesorado e personal de administración e servizos como membros da comunidade universitaria.

Ademais de todas as funcións asociadas ás tarxetas intelixentes, o carné poderá dispoñer de servizos financeiros 4B Maestro, se se solicitan voluntariamente

Para qué podes utilizalo?

Acreditación universitaria

Acceso a recintos e ordenadores das aulas de informática e persoais*

Préstamo de libros en bibliotecas

Consultas en Puntos de Información e, opcionalmente, en caixeiros 4B*

Tarxeta deportiva

Moedeiro electrónico

Descontos en comercios

Tarxeta 4B Maestro (opcional)

Firma Electrónica

Solicítao en calquera momento nas Oficinas Universitarias Santander do campus, levando unha fotografía recente. Recibiralo no teu domicilio particular. Para que inclúa o servizo 4B Maestro só necesitas ser titular dunha conta bancaria no

Santander. Esta conta non ten nin gastos de administración nin de mantemento.

O Carné Universitario non hai que renovalo cada ano. Para activar a función financeira diríxete á Oficina Universitaria.

SEGURO ESCOLAR

Os alumnos da Universidade de Vigo, sexa cal for a súa nacionalidade ou estudos que cursen, quedan cubertos por un seguro escolar. Do mesmo xeito que se regula para os niveis educativos previos, a Lei establece a cobertura obrigatoria.

Ademais, a Universidade de Vigo subscribiu un seguro adicional, seguro cum laude, para todos os seus alumnos, incluídos aqueles que non quedan cubertos polo seguro obrigatorio. Ambos os seguros páganse no momento de formalizar a matrícula, polo que non teñen custo adicional algún.

Con carácter complementario aos dous anteriores, a Universidade de Vigo dispón dun seguro voluntario, seguro cum laude plus, con maiores coberturas que aqueles e a un custo moi reducido (ao redor de 10 euros por curso).

OUTROS SERVIZOS

- **Actividades Culturais**
- **Deportes**
- **Voluntariado**
- **Area de Emprego**
- **Fundación Universidade de Vigo**
- **Gabinete psicopedagóxico**
- **Tribunal de Garantías**

Grao en Xeografía e Historia

Materias			
Curso 1			
Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
O02G250V01101	Historia: Fontes de información en humanidades	1c	6
O02G250V01102	Xeografía: Fundamentos de xeografía física	1c	6
O02G250V01103	Lingua clásica: Introdución á lingua e literatura latinas	1c	6
O02G250V01104	Arte: Linguaxes e técnicas artísticas	1c	6
O02G250V01105	Historia: Modelos de interpretación das sociedades preestatais	1c	6
O02G250V01201	Arte: Arte clásica	2c	6
O02G250V01202	Xeografía: Fundamentos de xeografía humana	2c	6
O02G250V01203	Historia: Introdución á historiografía	2c	6
O02G250V01204	Prehistoria universal	2c	6
O02G250V01205	Teoría e método da arqueoloxía	2c	6

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Historia: Fontes de información en humanidades				
Materia	Historia: Fontes de información en humanidades			
Código	O02G250V01101			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Vaquero Diaz, Maria Beatriz			
Profesorado	Vaquero Diaz, Maria Beatriz			
Correo-e	mdiaz@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	A materia Fontes de Información en Humanidades permite ao alumnado identificar e coñecer a natureza, función e tipoloxía das principaiss fontes de información no ámbito das humanidades. Permite tamén coñecer e utilizar os principais instrumentos e recursos de recompilación de información existentes, co fin de elaborar repertorios de fontes de información en Historia, Historia da Arte e Xeografía. Por último, capacita aos estudantes para utilizar con destreza distintos estilos de citas e referencias bibliográficas.			

Competencias de titulación	
Código	
A18	Coñecemento e habilidade para usar os instrumentos de recompilación de información tales como catálogos bibliográficos, inventarios de arquivo e referencias electrónicas.
A23	Capacidade de identificar e utilizar apropiadamente fontes de información para a investigación histórica.
A30	Coñecemento das principais fontes literarias e documentais da Historia da arte
B3	Capacidade de organización e planificación
B7	Capacidade de razoamento crítico.
B9	Traballo en equipo en diversos contextos
B11	Capacidade de aprendizaxe autónoma
B14	Motivación pola calidade

Competencias de materia		
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecer os recursos de recompilación e busca de información xeral.	A18	B3 B11
Coñecer e utilizar adecuadamente os instrumentos de recompilación de información en humanidades.	A18	
Coñecer e utilizar adecuadamente os sistemas de citas e referencias bibliográficas.	A23	B7 B11
Seleccionar e valorar criticamente as fontes de información nos ámbitos de Historia, Historia da Arte e Xeografía.	A18 A23 A30	B7 B9 B14

Contidos	
Tema	
1.- Fontes de Información xeral	1.1.- Conceptos e vocabulario básico sobre fontes de información. 1.2.- Fontes de información xeral (formatos e soportes). 1.3.- Transferencia e normalizaión da información. 1.4.- Fontes de información especializada.
2.- Recuperación de información en humanidades.	2.1.- Necesidades de información e tipoloxía das fontes primarias e secundarias en Historia, Historia da Arte e Xeografía. 2.2- Recursos para identificar e localizar información en humanidades.
3.- Sistemas de citas e referencias bibliográficas.	3.1.- Normas e estilos de citas e referencias bibliográficas. 3.2.- Xestores bibliográficos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Sesión maxistral	16	16	32
Eventos docentes e/ou divulgativos	4	4	8
Obradoiros	15	10	25
Traballos tutelados	4	25	29
Probas de resposta curta	2	10	12
Traballos e proxectos	5	5	10
Informes/memorias de prácticas	0	25	25
Outras	0	0	0
Probas de autoavaliación	3	5	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesións de aula encamiñadas a tomar contacto co alumnado, presentar a materia e coñecer as súas competencias, motivacións e intereses.
Sesión maxistral	Exposicións introdutorias nas que se familiarizará o alumnado coas principais fontes de información, a súa valoración crítica, os recursos de recompilación existentes e a utilización dos sistemas de citas e referencias bibliográficas.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Saída de estudos na que se analizará in situ unha ruta de turismo cultural. Asistencia a conferencias e debates sobre Historia, Arte e Xeografía nos que se analizarán as fontes de información utilizadas.
Obradoiros	Prácticas na aula de informática nas que se utilizarán os recursos elctrónicos de selección de información e os estilos e xestores de referencias bibliográficas para elaborar o deseño dun itinerario cultural por Ourense.
Traballos tutelados	Actividades en grupo nas que se tutelará a realización dun proxecto consistente no deseño dun itinerario cultural por Ourense.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A atención personalizada realizarase a través das titorías en grupo e de TIC, a partir das ferramentas propias da plataforma TEM@. Consistirá na revisión por parte do profesorado dos exercicios e probas de avaliación escritas, así como no seguimento dos traballos que deberá realizar o alumnado.
Obradoiros	A atención personalizada realizarase a través das titorías en grupo e de TIC, a partir das ferramentas propias da plataforma TEM@. Consistirá na revisión por parte do profesorado dos exercicios e probas de avaliación escritas, así como no seguimento dos traballos que deberá realizar o alumnado.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A sesión maxistral será avaliada mediante unha proba escrita de resposta curta ou tipo test.	30
Eventos docentes e/ou divulgativos	A avaliación da asistencia e partipación nos eventos docentes e divulgativos realizarase mediante a elaboración dun breve informe sobre o seu contido e utilidade para o estudo da materia Fontes de Infomación en Humanidades.	10
Obradoiros	A avaliación dos obradoiros realizarase mediante a elaboración dunha memoria na que se describirá pormenorizadamente o proceso de búsqueda e selección das fontes de información integradas no traballo de curso.	20
Traballos tutelados	A avalición dos traballos tutelados realizarase mediante a elaboración, montaxe e exposición dun itinerario cultural por Ourense. O traballo incluirá unha descrición da ruta seleccionada (ámbito xeográfico, duración, elementos patrimoniais que inclúe, etc.) e unha memoria na que se recollerán e valorarán as fontes de información necesarias para elaborar unha guía do itinerario.	30
Outras	En todas as actividades e probas que conforman a programación valorarase a asistencia e participación do alumnado.	10

Outros comentarios sobre a Avaliación

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles estudantes que non poidan acollerse á modalidade presencial serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 40% da nota final, e un traballo obrigatorio, que representará un 60% desta.

Os estudantes que realicen os exames finais deberán entregar, o día do exame oficial, un traballo consistente no deseño dun itinerario cultural por Ourense que incluirá unha descrición da ruta seleccionada (ámbito xeográfico, duración, elementos patrimoniais que inclúe, etc.) e unha memoria na que se recollerán e valorarán as fontes de información necesarias para elaborar unha guía do itinerario.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía básica

Alía Miranda, F. (1998): *Fuentes de información para historiadores: obras de referencia y bibliográficas*. Gijón, Trea. OUR 930/19

Brocos Fernández, J. M.; Ortiz de Landázuri, C. (2006): Métodos de búsqueda en fuentes de información en ciencias sociales y humanidades, *Aracne. Revista electrónica de recursos en Internet sobre Geografía y Ciencias Sociales*. [En liña] Universitat de Barcelona http://www.ub.es/geocrit/aracne/aracne-083.htm [Consulta 19/06/2009]

Carrizo Sainero, G.; Irureta-Goyena Sánchez, P.; López de Quintana Sáenz, E. (2000): *Manual de fuentes de información*. Madrid, Confederación Española de Gremios y Asociaciones de Libreros. OUR 02 /128

Cómo elaborar e interpretar referencias bibliográficas. [PDF en liña] Universidad de La Rioja http://biblioteca.unirioja.es/bdg/bdgcitas.pdf [Consulta 19/06/2009]

Maldonado Martínez, A. (coord.) (2001): *La información especializada en Internet: directorio de recursos de interés académico y profesional*. Madrid, CSIC. OUR 02 /176

Romanos de Tiratel, S. (2000): *Guía de fuentes de información especializadas: humanidades y ciencias sociales*. Buenos Aires, GREBYD. OUR 02 /286

Bibliografía específica

Abadal Falgueras, E.; Codina Bonilla, Ll. (2005): *Bases de datos documentales: características, funciones y método*. Madrid, Síntesis. OUR 02 /324

Aguilera Arilla, Mª J. et al. (2003): *Fuentes, tratamiento y representación de la información geográfica*. Madrid, UNED. OUR 910 /82

Amat i Noguera, N. (1994): *La documentación y sus tecnologías*. Madrid, Pirámide. 02 AMA doc

Carrizo Sainero, G. (2000): *La información en ciencias sociales*. Gijón, Trea. OUR 3 /21

Cordón García, J. A.; López Lucas, J.; Vaquero Pulido, J. R. (1999): *Manual de búsqueda documental y práctica bibliográfica*. Madrid, Pirámide. OUR 02 /57

Fuentes y documentos para la historia del arte (1982-1983): Barcelona, Gustavo Gili. Depósito: OUR 19673

Garza Mercado, A. (1999): *Fuentes de información en ciencias sociales y humanidades 1: obras generales, administración pública, ciencia política, derecho, relaciones internacionales*. México, El Colegio de México. 01 GAR fue

Martín Vega, A. (1995): *Fuentes de información general*. Gijón, Trea. OUR 02 /43

Salvador Oliván, J. A.; Angós Ullate, J. Mª (2001): *Fuentes de información en línea*. Zaragoza: Prensas Universitarias de la Universidad de Zaragoza, http://ebro3.unizar.es:8080/bdl/ [Consulta 19/06/2009]

Martínez de Sousa, J. (2007): *Manual de estilo de la lengua española (MELE 3)*. Gijón, Trea. OUR 811.134.2 /383

López Yepes, J. (coord.) (2006): *Manual de ciencias de la documentación*. Madrid, Pirámide. OUR 02 /344

Moreiro González, J. A. (2000): *Manual de documentación informativa*. Madrid, Cátedra. OUR 02 /153

Recomendacións

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase a través da plataforma TEM@ documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades do curso. Por esta razón os estudantes deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de

perfil.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Xeografía: Fundamentos de xeografía física				
Materia	Xeografía: Fundamentos de xeografía física			
Código	O02G250V01102			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	de Uña Alvarez, Elena			
Profesorado	de Uña Alvarez, Elena			
Correo-e	edeuna@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Materia de formación básica en Xeografía. Trata dos fundamentos teóricos e metodolóxicos cara o coñecemento global dos medios naturais e as súas aplicacións no contexto da sociedade. Desenvolve o estudo das propiedades significativas dos principais compoñentes (relevo, clima, augas, biota) tendo en conta as súas interaccións complexas na paisaxe. Introduce unha perspectiva ambiental da Xeografía da natureza dende as posibles configuracións das unidades biofísicas.			

Competencias de titulación	
Código	
A1	Coñecemento das claves e desenvolvemento do ámbito da Xeografía física.
A4	Conciencia crítica da relación entre os fenómenos xeográficos, físicos e humanos, a diferentes escalas territoriais.
A8	Desenvolvemento e aplicación dos procedementos de traballo de campo.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B4	Comunicación oral e escrita no idioma propio.
B7	Capacidade de razoamento crítico.
B15	Sensibilidade cara temas ambientais.

Competencias de materia		
Resultados previstos na materia		Resultados de Formación e Aprendizaxe
Adquirir conciencia crítica da relación entre os fenómenos xeográficos, físicos e humanos, a diferentes escalas territoriais para interpretar os procesos dinámicos ambientais.	A4	B1 B4 B7
Coñecer as claves e actores da configuración e desenvolvemento do campo científico da Xeografía Física.	A1	B1 B7 B15
Introducir e manexar os procedementos básicos do traballo de campo, tendo en conta as potencialidades dos resultados na investigación.	A8	B4 B7 B15

Contidos	
Tema	
1. Bases teórico-metodolóxicas da Xeografía Física	1.1. Configuración do campo científico da xeografía Física 1.2. Magnitudes e escalas espacio-temporais 1.3. Orientacións básica e aplicada na sociedade contemporánea
2. Compoñentes dos medios naturais: propiedades e dinámica	2.1. Clima e augas. Climatoloxía e Hidroxeografía 2.2. Relevo e biota. Xeomorfoloxía e Bioxeografía
3. Dimension integrada da Xeografía Física	3.1. Fenómenos de cambio 3.2. Riscos naturais e intervención humana 3.3. Perspectiva ambiental

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	19	30	49

Estudo de casos/análises de situacións	6	30	36
Saídas de estudo/prácticas de campo	8	10	18
Seminarios	6	25	31
Eventos docentes e/ou divulgativos	2	0	2
Actividades introdutorias	2	5	7
Titoría en grupo	3	0	3
Probas de tipo test	3	0	3
Outras	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos de formación básica, teóricos e metodolóxicos co apoio de recursos documentais, bibliográficos e audiovisuais.
Estudo de casos/análises de situacións	Análise dun feito, problema ou caso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, reflexionar e adentrarse nos procedementos metodolóxicos.
Saídas de estudo/prácticas de campo	Aplicación dos coñecementos a situacións concretas para adquisición de habilidades e destrezas en espazos exteriores non académicos.
Seminarios	Actividades enfocadas a preparación e desenrolo final dun análise de caso e do traballo de campo
Eventos docentes e/ou divulgativos	Conferencias, faladoiros, exposicións, mesas redondas, debates... realizados por relatores de prestixio, que permiten profundar ou complementar os contidos da materia.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Titoría en grupo	Sesións que os alumnos manteñen co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos/análises de situacións	Orientación para lograr unha aprendizaxe significativa das secuencias teórico-prácticas, acompañamento e resolución de problemas coa finalidade de favorecer a observación participante, a formulación de hipóteses, e o uso de instrumentos e técnicas específicas.
Saídas de estudo/prácticas de campo	Orientación para lograr unha aprendizaxe significativa das secuencias teórico-prácticas, acompañamento e resolución de problemas coa finalidade de favorecer a observación participante, a formulación de hipóteses, e o uso de instrumentos e técnicas específicas.
Seminarios	Orientación para lograr unha aprendizaxe significativa das secuencias teórico-prácticas, acompañamento e resolución de problemas coa finalidade de favorecer a observación participante, a formulación de hipóteses, e o uso de instrumentos e técnicas específicas.
Actividades introdutorias	Orientación para lograr unha aprendizaxe significativa das secuencias teórico-prácticas, acompañamento e resolución de problemas coa finalidade de favorecer a observación participante, a formulación de hipóteses, e o uso de instrumentos e técnicas específicas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Para a avaliación das competencias adquiridas se fará unha proba de tipo test que inclúe preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellar elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	55
Estudo de casos/análises de situacións	Participación activa e colaborativa nas fases de análise	10
Saídas de estudo/prácticas de campo	Participación activa e colaborativa nas fases de preparación e desenrolo	30
Seminarios	Participación e asistencia no proceso de orientación	5

Outros comentarios sobre a Avaliación

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á modalidade presencial serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio, que representará un 30% desta.

Bibliografía. Fontes de información

CLIFFORD, N.J. et al (2009) Key concepts in Geography. London, Sage.

SPENCER, E.W. (2003) Earth Science. New York, McGraw Hill.

REFERENCIAS ESPECÍFICAS

MARTINEZ DE PISON, E. (2000) Estudios sobre el Paisaje. Madrid, UAM.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Xeografía aplicada: territorio e paisaxe/O02G250V01505

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Xeografía: Fundamentos de xeografía humana/O02G250V01202
Historia: Fontes de información en humanidades/O02G250V01101

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Lingua clásica: Introdución á lingua e literatura latinas				
Materia	Lingua clásica: Introdución á lingua e literatura latinas			
Código	O02G250V01103			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Ledo Lemos, Francisco Jose			
Profesorado	Ledo Lemos, Francisco Jose			
Correo-e	ledolemos@uvigo.es			
Web	http://webs.uvigo.es/ledolemos			
Descrición xeral	Estudio general y global de los principales elementos de la Lengua y Literatura Latinas, en su realidad temporal y en la influencia ejercida en el posterior desarrollo histórico.			

Competencias de titulación	
Código	
A13	Conciencia de respecto polos puntos de vista que se derivan de antecedentes culturais/nacionais
A15	Coñecemento de linguas antigas
A16	Coñecemento detallado dun ou máis períodos específicos do pasado da humanidade
A17	Capacidade de ler textos historiográficos e documentos orixinais na propia lingua así como de transcribir, resumir e catalogar información de forma pertinente.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento
B7	Capacidade de razoamento crítico.
B11	Capacidade de aprendizaxe autónoma
B16	Coñecemento doutras culturas.

Competencias de materia		
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecer e utilizar os conceptos técnicos e o vocabulario básico para comprender a Literatura Latina.	A15	B1 B5 B7
Coñecer os conceptos fundamentais da Lingua e Literatura Latinas.	A13 A15 A16 A17	B1 B5 B7 B16
Tomar conciencia sobre as aportacións da lingua e a cultura clásica no ámbito académico e social.	A13 A16	B7 B16
Ter coñecemetos básicos dunha lingua Clásica e capacitación para a selección, uso e tratamento de textos e datos históricos da época clásica nun contexto interdisciplinar.	A15 A17	B1 B5 B11

Contidos	
Tema	
1. A historiografía e a literatura grecolatina como fonte histórica.	1.1 A transmisión de textos dende a Antigüidade ata a Época Moderna. 1.2. A historiografía e a literatura gregas ata a época helenística. 1.3. A historiografía e a literatura romanas ata o fin da República. 1.4. A historiografía e a literatura gregas e romanas na época imperial.
2. A lingua latina	2.1- A lingua latina no seu contexto lingüístico. 2.2- Nocións de gramática latina. 2.3- Tradución de textos

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	25	30	55
Seminarios	15	39	54

Titoría en grupo	3	26	29
Eventos docentes e/ou divulgativos	2	0	2
Outros	0	0	0
Probas de resposta curta	1	1	2
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	2	4
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	2	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Os temas de historiografía e gramática que resultan máis difíciles de abordar serán explicados nas clases.
Seminarios	Indicacións para a tradución e os comentarios que deben ser preparados polos alumnos, e, posteriormente, corrección das mesmas.
Titoría en grupo	Corrección das traducións.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Asistencia a conferencias e eventos organizados pola Facultade.
Outros	

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Seminarios	Os alumnos serán integrados nun ou outro grupo de prácticas atendendo aos seus coñecementos previos de lingua latina. Os alumnos poderán consultar as súas dúbidas de tradución por correo electrónico en calquera momento.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Outros	Asistencia "con participación".	10
Probas de resposta curta	Unha lista relativamente diversa de preguntas sobre as máis variadas cuestións, coa finalidade de comprobar que o alumno ten un coñecemento xeral da materia	30
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	O alumno deberá desenrolar dúas propostas de entre varias que se lle propoñan. Estas propostas non se limitarán a un tema específico do temario, senón que nelas se deberán integrar materiais procedentes de diversos temas. Valorarase a claridade e a profundidade da exposición.	30
Resolución de problemas e/ou exercicios	Tradución e comentario de textos.	30

Outros comentarios sobre a Avaliación

A proba final constará de tres partes (preguntas cortas / preguntas longas / tradución e comentario). A proba extraordinaria constará igualmente destas tres partes.

Os alumnos que, por motivos razoables, non poidan asistir regularmente a clase, compensarán con algún tipo de traballo indicado polo profesor ese 10% da cualificación que en principio se asigna á "asistencia con participación".

Bibliografía. Fontes de información

Algún dicionario Latino/Galego ou Latino/Español,
KENNEY, EJ. CLAUSEN, W.V. (Ed.), **The Cambridge History of Classical Literature II: Latin Literature.**, Cambridge.,
ROSTAGNI, A, **Storia della letteratura latina.**, Turín.,
ALBRECHT, MICHEL VON, **Historia de la literatura romana.**, Barcelona.,
BAYET, J., **Literatura latina.**, Barcelona.,
CODOÑER, C (Ed.)., **Historia de la literatura latina.**, Madrid.,
HOWATSON, M.C, **Diccionario de la literatura clásica.**, Madrid.,

Recomendacións

Outros comentarios

O alumno debe traer os coñecementos de gramática española e galega que se esperan do bacharelato. É convinte tamén chegar cos coñecementos de latín que se poden adquirir no ensino medio.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Arte: Linguaxes e técnicas artísticas				
Materia	Arte: Linguaxes e técnicas artísticas			
Código	O02G250V01104			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Barriocanal Lopez, Maria Yolanda			
Profesorado	Barriocanal Lopez, Maria Yolanda			
Correo-e	barriocanal@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia que se presenta baixo o título de Linguaxes e técnicas artísticas, non se presenta como unha historia da arte no sentido estrito do concepto, se non que, indo máis alá do contido histórico, reúne unha serie de conceptos básicos que o futuro historiador da arte debe coñecer. O obxectivo fundamental é aproximar ao estudante que se inicia na titulación, á comprensión do fenómeno artístico dende a análise ou lectura formal dos elementos primordiais de expresión que constitúen cada unha das artes. Así obteríanse uns coñecementos que permitirían a reconstrución tan obxectiva como sexa posible de todos aqueles aspectos que contribúan a coñecer e comprender a forma e a función orixinal das obras de arte para, en cursos posteriores, poder ser estudadas en relación coas circunstancias nas que foron realizadas. Desta forma, a materia organízase como un compendio de contidos orientados a promover a reflexión sobre a natureza e función da obra de arte e sobre as peculiaridades das distintas linguaxes artísticas. Unha inevitable delimitación de campos científicos determina que a materia se centre na análise das distintas linguaxes tradicionais, dende a arquitectura ás chamadas artes visuais e decorativas.			

Competencias de titulación	
Código	
A29	Coñecemento sistemático e integrado do feito artístico: distintas linguaxes e técnicas da produción artística ao longo da historia.
A30	Coñecemento das principais fontes literarias e documentais da Historia da arte
A31	Coñecementos básicos de iconografía como clave para a interpretación de imaxes
A33	Coñecementos sobre documentación, composición de materiais e técnicas construtivas dos bens artísticos mobles e inmobles
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Aplicación dos coñecementos

Competencias de materia		
Resultados previstos na materia		Resultados de Formación e Aprendizaxe
Analizar, sintetizar e interrelacionar feitos e conceptos histórico-xeográficos e artísticos dende unha perspectiva crítica.		B1
Comprender o manexo básico das fontes iconográficas no estudo dos temas artísticos e os seus contidos como base para a interpretación e correcta lectura das obras de arte.	A31	
Establecer hipóteses a partir de datos dispoñibles e proceder á súa confirmación ou refutación mediante a aplicación dunha metodoloxía científica.		B2
Coñecer o manexo básico das fontes bibliográficas, documentais e literarias dos bens artísticos mobles e inmobles.	A30	
Aplicar os conceptos e procedementos que conducen a obra de arte.		B1
Coñecer o procedemento sistemático e integrado do feito artístico: distintas linguaxes e técnicas de produción artística ao longo da historia	A29	
Operar sobre documentación, composición de materiales e técnicas construtivas dos bens artísticos mobles e inmobles	A33	

Contidos	
Tema	
1. Teoría e linguaxe da arquitectura	1.1. Elementos formais do espacio arquitectónico 1.2. Función, símbolo e tipoloxías arquitectónicas 1.3. Tratados de arquitectura

2. Artes visuais e decorativas	2.1. A arte da escultura: materiais, procedementos técnicos e plásticos, función e significado 2.2. A arte da pintura: elementos formais e plásticos. As técnicas pictóricas e as súas posibilidades 2.3. Fontes literarias e técnicas
3. As artes decorativas e suntuarias	3.1. Fontes e técnicas das artes decorativas: materiais, elaboración e evolución histórica.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Eventos docentes e/ou divulgativos	4	20	24
Prácticas externas	4	10	14
Saídas de estudo/prácticas de campo	4	5	9
Traballos tutelados	1	20	21
Titoría en grupo	5	5	10
Sesión maxistral	22	10	32
Seminarios	3	5	8
Actividades introdutorias	2	0	2
Probas de resposta curta	5	25	30
Outras	0	0	0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Eventos docentes e/ou divulgativos	Saídas programadas os mércores da segunda semán do mes para asistir a actividades docentes e divulgativas organizadas por especialistas de institucións museísticas. Reservaranse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía de xeito que computan nas actividades dirixidas.
Prácticas externas	Prácticas realizadas fora do aula para a análise das diferentes manifestacións artísticas a traveso da historia, monumentos e técnicas artísticas e técnicas de restauración aplicadas á obra de arte
Saídas de estudo/prácticas de campo	Práctica de campo para o estudio in situ das planimetrías e tipoloxías arquitectónicas e dos diferentes xéneros artísticos
Traballos tutelados	Realización e exposición por parte do estudante dun traballo individual tutelado, relacionado cos contidos da materia, iniciándose no manexo das fontes bibliográficas, documentais e literarias
Titoría en grupo	Atención titorizada en grupo para a atención e resolución de aspectos derivados do aprendizaxe
Sesión maxistral	Exposición na aula por parte do profesor dos contidos teóricos da materia con apoio de material gráfico e didáctico
Seminarios	Seminarios orientados á planificación dos traballos tutelados e a súa exposición así como outros aspectos complementarios
Actividades introdutorias	Sesións previas orientadas á presentación do desenvolvemento da materia e toma de contacto co alumnado

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Traballos tutelados	A atención personalizada encamíñase ao seguimento e supervisión por parte do profesor de todos os materiais e actividades xeradas nas actividades prácticas, así como doutros aspectos derivados da actividade docente.
Titoría en grupo	A atención personalizada encamíñase ao seguimento e supervisión por parte do profesor de todos os materiais e actividades xeradas nas actividades prácticas, así como doutros aspectos derivados da actividade docente.
Seminarios	A atención personalizada encamíñase ao seguimento e supervisión por parte do profesor de todos os materiais e actividades xeradas nas actividades prácticas, así como doutros aspectos derivados da actividade docente.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Os traballos tutelados serán avaliados en función do interese, bibliografía e metodoloxía empregada, así como dos recursos empregados na súa exposción	30
Sesión maxistral	A sesión maxistral será avaliada mediante unha proba escrita de resposta curta	30
Seminarios	A avaliación das prácticas a través dos seminarios serán avaliadas mediante a entrega dos exercicios realizados nas diferentes sesións de traballo	30

Outras	En todas as actividades e probas que forman parte da programación da materia valorarase a asistencia e participación do estudante	10

Outros comentarios sobre a Avaliación

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á modalidade presencial serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatoiro, que representará un 30% desta.

Bibliografía. Fontes de información

BONET CORREA, A., **Historia de las artes aplicadas e industriales en España**, Catedra,

BOZAL, V., **El lenguaje artístico**, Península,

DOERNER, M., **Los materiales de pintura y su empleo en el arte**, Reverté,

WITTKOWER, R., **La escultura: procesos y principios**, Alianza,

CALABRESE, **El lenguaje del arte**, Paidós,

CALABRESE, **Cómo se lee una obra de arte**, Cátedra,

Recomendacións

Outros comentarios

Recoméndaselle ao alumno a familiarización cun léxico de terminoloxía básica da Arte e Arquitectura para ter un coñecemento dos termos e voces específicas empregadas ou que aínda se empregan neste ámbito.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Historia: Modelos de interpretación das sociedades preestatais				
Materia	Historia: Modelos de interpretación das sociedades preestatais			
Código	O02G250V01105			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Comendador Rey, Beatriz Pilar			
Profesorado	Comendador Rey, Beatriz Pilar			
Correo-e	beacomendador@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia Modelos de interpretación das sociedades preestatais impártese no 1º ano do Grao de Xeografía e Historia, dentro do bloque de formación básica en Historia. O seu papel básico é dotar ao alumno dos criterios teóricos necesarios para a comprensión da dinámica das sociedades preestatáis na orde económica, político e social, así como dos procesos de cambio histórico.			

Competencias de titulación	
Código	
A12	Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado
A17	Capacidade de ler textos historiográficos e documentos orixinais na propia lingua así como de transcribir, resumir e catalogar información de forma pertinente.
B7	Capacidade de razoamento crítico.
B9	Traballo en equipo en diversos contextos
B10	Atención á diversidade e á multiculturalidade.
B12	Capacidade para imprevistos, creatividade e lideranza
B16	Coñecemento doutras culturas.

Competencias de materia		
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Utilizar os conceptos e a terminoloxía específica das sociedades preestatais e do cambio histórico.	A12	B9 B12
Coñecer e comprender os principais modelos sociais proporcionados pola Etnoloxía.	A17	B16
Coñecer as principais perspectivas teóricas nas aproximacións ao pasado.		B7
Adquirir conciencia de estereotipos derivados da percepción etnocentrista do pasado prehistórico.		B10

Contidos	
Tema	
1. Introdución.	1.1. Conceptos e terminoloxía básica. 1.2. A noción de alteridade.
2. As formas culturais e sociais.	2.1. Sexo, xénero, parentesco e comunidade. 2.2. As formas da economía. 2.3. As formas do poder. 2.4. As formas do conflito. 2.5. As formas dos simbolismo.
3. Os grandes modelos na interpretación do cambio histórico.	3.1. O espazo e o tempo como coordenadas de aproximación ao pasado. 3.2. As principais correntes nas explicacións do cambio cultural.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminarios	12	10	22
Actividades introdutorias	2	0	2
Traballos tutelados	0	20	20
Titoría en grupo	5	5	10
Sesión maxistral	23	10	33
Prácticas autónomas a través de TIC	0	20	20

Saídas de estudo/prácticas de campo	3	10	13
Probas de resposta curta	1	10	11
Traballos e proxectos	4	10	14
Outras	0	5	5

